



**CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS II PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN TEMPORAL DE MAQUINISTAS CONDUTORES, ENTRE OS CANDIDATOS QUE FIGURAN NA LISTA PREVIA DE MAQUINISTA CONDUTOR, PERFIL “VEHÍCULOS PESADOS”, RESULTANTE DO PERÍODO DE ACTUALIZACIÓN DE MÉRITOS.**

**Resolución do Director Xerente de SEAGA, de 28 de abril de 2009 pola que se convoca proceso selectivo para a contratación de persoal temporal, entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de Maquinista Condutor, perfil "Vehículos Pesados", resultante do período de actualización de méritos.**

En uso das facultades conferidas no punto 3 das “Bases para a selección de persoal temporal, da empresa pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (Seaga), polo sistema de listas previas por categorías” aprobadas polo Consello de Administración de SEAGA con data do 12 de novembro de 2007, (Diario Oficial de Galicia do 14 de novembro de 2007), o Director-Xerente de Seaga,

DISPÓN

Convocar proceso selectivo para a contratación de persoal temporal, entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de Maquinista Condutor, perfil "Vehículos Pesados", resultante do período de actualización de méritos, con suxeición ás seguintes bases II da convocatoria:



## 1. NORMAS XERAIS.

### 1.1. Obxecto do proceso selectivo.

O obxecto do proceso selectivo será a cobertura e contratación de 57 prazas na categoría profesional de Maquinista Conductor, perfil "Vehículos Pesados", a partir dos candidatos incluídos na lista previa, resultante do período de actualización de méritos, para afrontar a execución de distintas encomendas que a sociedade ten previsto recibir. O número de prazas indicadas poderá sufrir posteriores modificacións en función das necesidades do servizo plantexadas pola Consellería do Medio Rural. En caso de producirse, estas modificacións serán debidamente publicitadas.

De conformidade co disposto no punto 1.3.8 das bases xerais e no punto 1.2.8 das bases específicas da convocatoria para a selección de persoal temporal polo sistema de listas previas na categoría de Maquinista Conductor, perfil "Vehículos Pesados", resultante do período de actualización de méritos, do total de prazas do sistema de acceso libre reservaranse 4 prazas para ser cubertas por persoas con discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% compatible co posto de traballo. No suposto de que estas prazas non sexan cubertas pasarán a integrarse ás restantes prazas.

Na presente convocatoria, os chamamentos para a selección e contratación de persoal temporal faranse seguindo a orde de prelación da lista de contratación. Cando o destino ofertado ao candidato non coincida co marcado na súa solicitude de admisión, o candidato non decaerá da correspondente lista no caso de rexeitar o posto de traballo. En caso contrario, o candidato será excluído da correspondente lista previa.

Segundo o recollido nas bases xerais (punto 1.2.a)), no caso que non se desen cuberto as prazas ofertadas na presente convocatoria, por insuficiencia de candidatos na lista previa correspondente, poderase recorrer á selección de persoal a traveso das listas previas doutras categorías que cumpran os requisitos mínimos esixidos para as prazas ofertadas. Esta selección realizarase respetando a orde que ocupan os candidatos na lista previa correspondente. O candidato contratado deste xeito, en ningún caso verá perxudicados os seus dereitos na lista previa onde estivera anotado, e seguirá ocupando o mesmo posto que por cualificación lle puidese corresponder, podendo optar ás prazas correspondentes á categoría profesional da mesma, no caso de producirse algunha oferta.

As prazas convocadas corresponden á provincia de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

### 1.2. Requisitos dos candidatos.

A inclusión dos candidatos no sistema de listas previas non presupón que á data da presente



convocatoria sigan posuíndo os requisitos que se lle esixiron para o ingreso no sistema de listas previas, polo que se advirte expresamente que os candidatos deberán posuír á data da presente convocatoria, e manter ata o momento de formalización, de ser o caso, do correspondente contrato, os mesmos requisitos que se lle esixiron para o ingreso na lista previa correspondente, de tal xeito que cando da documentación que se lles pode volver a requirir os candidatos,. No caso de superarse o proceso selectivo e antes de formalizar o correspondente contrato, se desprenda que non posúen algún dos requisitos esixidos, os candidatos decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación no procedemento.

### **1.3. Solicitudes.**

Os candidatos serán chamados a partir da lista previa correspondente, estando exentos da presentación de solicitude.

#### **1.3.1 Documentación a presentar.**

Para a realización das probas físicas (*Field Test*) correspondentes á categoría de Maquinista Conductor, perfil "Vehículos Pesados", deberán aportar, o mesmo día da proba, certificado médico oficial, firmado por un colexiado en exercicio, no que se faga constar expresamente que o seu estado actual de saúde é o axeitado para a realización da proba física da mochila.

A comisión de selección comprobará a identidade dos candidatos antes do inicio da proba, para o cal deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído igualmente quen non poida acreditar a súa identidade, ao xuízo da comisión de selección.

#### **1.3.2 Lugar de presentación de reclamacións.**

As reclamacións que se poidan achegar e/ou efectuar segundo o disposto nas presentes bases, deberanse presentar:

- nas oficinas de rexistro de Seaga, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15.890 Santiago de Compostela - A Coruña, de luns a venres, en horario de 09:00h a 14:00h e de 16:00h a 18:00h.
- nas seguintes oficinas, de luns a venres, en horario de 09:00h a 14:00 horas:
  - Rúa Montero Ríos, nº 24 (Antiga Cámara Agraria), 27002 Lugo.
  - Rúa do Paseo, nº 22, 1º, 32003 Ourense.
  - Praza do Teucro, nº 18, 36002 Pontevedra.



As reclamacións que se poidan achegar e/ou efectuar, unha vez rematado o prazo correspondente segundo o disposto nas presentes bases consideraranse, a tódolos efectos, como fora de prazo, e non serán tidas en consideración no proceso.

A presentación de reclamacións en oficinas distintas das sinaladas na convocatoria non serán tidas en consideración no proceso (por exemplo: portelo único, oficinas do servizo de correos...).

Para calquera aclaración ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto telefónico, no número 981 546 127, das 09:00 horas as 14:00 horas e das 16:00 horas as 18:00 horas, de luns a venres, ou ben na páxina web de SEAGA ([www.epseaga.com](http://www.epseaga.com)).

#### **1.4 Admisión de candidatos.**

Considéranse admitidos para o proceso selectivo todos os candidatos da lista previa de Maquinista Conductor, perfil "Vehículos Pesados", resultante do período de actualización de méritos.

De acordo co establecido nas bases xerais 2.2.1 a comisión de selección decidirá o número de candidatos a convocar ao proceso de selección. En todo caso a convocatoria deberá facerse contando cun mínimo de tres candidatos por praza a cubrir, salvo naqueles casos que o número de candidatos fose inferior ao necesario, neste caso convocaranse todos os candidatos existentes na lista previa.

#### **1.5 Datos de carácter persoal.**

Rexerase polo establecido nas bases xerais 1.7.

## **2 PROCESO SELECTIVO.**

### **2.1 Concurso de méritos.**

Nesta fase, teráse en conta ós candidatos a puntuación do baremo de méritos que determinou a súa orde de prelación na lista previa resultante do período de actualización de méritos, e que lles será computada de oficio por Seaga, e ata un máximo de 4 puntos.

### **2.2 Proba Físico-Práctica (“Field Test”).**

É requisito imprescindible para o acceso á categoría de Maquinista Conductor, perfil "Vehículos Pesados", a superación dunha proba de aptitude física que consistirá en camiñar 3,2 km con un peso de 11 Kg. O tempo máximo de realización do test será de 30 minutos.

Así mesmo infórmase de que non está permitido correr durante a realización da proba.



Esta proba terá carácter eliminatorio, os candidatos que non a superen serán excluídos do proceso selectivo, e os candidatos que non se presenten serán excluídos do proceso selectivo e máis das listas previas correspondentes, non sendo os casos debidamente xustificadas libremente apreciados pola comisión de selección. Neste suposto, os candidatos disporán dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria ata o mesmo día de realización da proba (inclusive) para achegar ditos xustificantes. Non se admitirá recurso ao respecto das decisións da comisión de selección neste punto.

### **2.3 Desenvolvemento das probas selectivas.**

Rexeranse polo establecido nas bases xerais 2.2.4.3.

### **2.4 Outorgamento de cualificacións.**

Rexerase polo establecido nas bases xerais 2.2.4.4.

### **2.5 Desempate.**

Rexerase polo disposto nas bases xerais 2.1.4.

Segundo o anterior, a orde de actuación dos candidatos iniciarase alfabeticamente por aquel cuxo primeiro apelido empece pola letra “D”, de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 29 de xaneiro de 2009 (DOG do 4 de febreiro de 2009), pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e segundo o disposto nas bases xerais aprobadas polo Consello de Administración de SEAGA en data 12 de novembro de 2007 (DOG do 14 de novembro de 2007 e corrección de erros do 15 de novembro de 2007), ao tratarse dunha proba a celebrar no ano 2009.

### **2.6 Lista de contratación.**

Rexerase polo disposto nas bases xerais 2.2.5.

### **2.7 Reclamacións.**

Rexerase polo disposto nas bases xerais 2.2.6.

## **3 COMISIÓN DE SELECCIÓN.**

Rexerase polo establecido nas bases xerais 2.2.4.1 e nas bases específicas 2.1.5 da convocatoria para o ingreso na lista previa na categoría correspondente. A estes efectos, o Director Xerente ratifica a nomeada e constituída no proceso para o ingreso na lista previa correspondente.

## **4 LISTA DE AGARDA.**

Rexerase polo establecido nas bases xerais 2.3. Os candidatos que superasen este proceso selectivo



pero non fosen contratados, pasarán a formar parte da lista de agarda correspondente, facéndose as propostas de contratación na mesma forma na que se configurou o chamamento para a selección a partir das listas previas.

## 5. RECOÑECIMENTO MÉDICO.

Os candidatos que figuran na lista de contratación deberán, previamente á súa contratación, realizar un recoñecemento médico obrigatorio para garantir que o seu estado de saúde lles permitirá realizar as tarefas propias do posto de traballo. Os seus resultados serán vinculantes para a incorporación ao posto de traballo.

Os candidatos que non se presenten o correspondente recoñecemento médico, serán excluídos da lista previa da correspondente categoría profesional, e decaerán de tódolos seus dereitos para a contratación, salvo os casos debidamente xustificados e así apreciados pola comisión de selección.

Os candidatos que non superen o correspondente recoñecemento médico, serán excluídos do proceso selectivo pero continuarán na lista previa da correspondente categoría profesional.

## 6. PERÍODO DE PROBA.

Para os traballadores contratados establecerase un período de proba segundo o regulado no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores e lexislación concordante.

## 7. DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

Contra esta resolución, poderase efectuar reclamación no prazo de cinco días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web de SEAGA, ante o Director-Xerente de SEAGA.

Santiago de Compostela, a 28 de abril de 2009.

O director xerente de SEAGA, S.A.



Xan-Bautista Cambón Rodríguez